

# Guía didáctica

## 5. Menos é máis



Lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco  
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreiras



# BauGal 5 LINGUA. Menos é máis - GUÍA DIDÁCTICA

Lingua galega e literatura

4º ESO

## 1. Introducción

A situación de aprendizaxe *Menos é máis* propón unha aproximación crítica e creativa ao mundo da publicidade e da linguaxe contemporánea. Partindo da análise de anuncios reais e da observación do uso social da linguaxe, o alumnado descubrirá como os discursos publicitarios inflúen nas nosas emocións, valores e formas de pensar. A través de actividades motivadoras —como a análise de carteis, xogos léxicos ou a creación de campañas propias— traballarase a linguaxe persuasiva, o poder das imaxes e a función dos neoloxismos na sociedade actual.

Ao longo de cinco sesións, o alumnado aprenderá a recoñecer as técnicas retóricas da publicidade, distinguir entre tipos de mensaxes, comprender a evolución do léxico moderno e crear mensaxes conscientes e sostibles. O traballo culminará cunha mostra pública dos seus produtos, favorecendo a expresión oral, a reflexión crítica e o compromiso social. Esta proposta combina educación lingüística, alfabetización mediática e conciencia cidadá, cun enfoque competencial e integrador.

## 2. Obxectivos do recurso

**OBX1.** Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario

**OBX3.** escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.

**OBX4.** Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.

**OBX5.** Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.

**OBX6.** Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

**OBX8.** Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.

**OBX9.** Analizar o funcionamento da lingua e reflexionar sobre o uso que se fai dela nos diferentes contextos.

**OBX10.** Reflexionar sobre a diversidade lingüística e o valor da lingua galega como patrimonio individual e colectivo.

### **3. Contidos e criterios de avaliación**

#### **Contidos**

##### **Bloque 1. Lingua e sociedade.**

- A lingua como instrumento de comunicación, representación e construción da realidade.
- A diversidade lingüística no mundo e na contorna.
- Actitudes de respecto cara á diversidade e valoración do galego como lingua propia.
- A lingua como ferramenta de participación social e expresión crítica.

##### **Bloque 2. Comunicación.**

- Comprensión e análise de textos publicitarios, orais e multimodais.
  - Estratexias para a lectura comprensiva e crítica de textos de diferentes tipos (publicitarios, sociais, orais, escritos, audiovisuais...).
  - Produción de textos orais e escritos con intención persuasiva, expresiva e argumentativa.
  - Estratexias de comunicación oral: planificación, expresión en público, uso da linguaxe non verbal.
  - Uso das TIC na produción e difusión de mensaxes.
  - O discurso publicitario: características, estrutura e funcións.
  - O texto multimodal: integración de linguaxe verbal, visual e sonora.
- Léxico e semántica: formación de palabras, neoloxismos, préstamos e estranxeirismos.

##### **Bloque 4. Reflexión sobre a lingua.**

- Observación e análise do uso da lingua en contextos reais.
- Os cambios léxicos: formación de neoloxismos, incorporación de préstamos e influencias doutras linguas.
- A reflexión crítica sobre o uso consciente da lingua como acto social e ideolóxico.

## **Criterios de avaliación**

CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.

CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.

CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.

CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.

CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información

CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.

CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.

CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso

CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.

## **4. Competencias clave**

### **Comunicación lingüística**

É a competencia central da situación. O alumnado desenvolve a súa capacidade para comprender, analizar e producir textos orais, escritos e multimodais, tanto publicitarios como de opinión. Foméntase o uso reflexivo e creativo da lingua, o enriquecemento léxico (neoloxismos, préstamos...), a adaptación ao rexistro, a cohesión e a corrección lingüística.

### **Competencia dixital**

Utilízanse ferramentas TIC para crear contidos, realizar presentacións, elaborar glosarios colaborativos, compartir mensaxes nas redes ou deseñar carteis. Así mesmo, o alumnado reflexiona sobre o uso das tecnoloxías na difusión da información e no impacto dos discursos nos medios dixitais.

### **Conciencia e expresións culturais**

A linguaxe publicitaria analízase tamén como manifestación estética, observando o seu poder evocador, creativo e emocional. O alumnado crea campañas que combinan mensaxe e imaxe con intencionalidade artística e expresiva.

### **Aprender a aprender**

Promóvese a autonomía na aprendizaxe mediante tarefas de planificación e avaliación, así como a autoavaliación e a reflexión crítica sobre o proceso comunicativo. Ademais, foméntase a responsabilidade individual dentro do traballo colaborativo.

### **Competencia cidadá**

A análise crítica da publicidade e dos discursos sociais, así como o deseño de mensaxes con conciencia ética, permite traballar a participación activa e a capacidade de valorar o impacto da linguaxe nos comportamentos sociais e no espazo público.

## 5. Metodoloxía de aplicación

A metodoloxía desta situación de aprendizaxe parte dun enfoque comunicativo, competencial e reflexivo, no que o alumnado é protagonista activo da súa aprendizaxe. O traballo estrutúrase a partir de tarefas auténticas vinculadas á análise da linguaxe publicitaria e á creación de mensaxes propias con impacto social. A través de actividades motivadoras, colaborativas e creativas, promóvese a adquisición de competencias clave, o desenvolvemento do sentido crítico e a conciencia lingüística. A aprendizaxe constrúese en situacións reais de comunicación, que integran comprensión, produción e interacción oral e escrita.

A proposta combina metodoloxía inductiva, investigación guiada, traballo cooperativo e aprendizaxe baseada en proxectos. Utilízanse estratexias variadas como o uso de vídeos, mapas léxicos, análise de carteis, creación de glosarios e presentacións orais, incorporando o uso funcional das TIC. Ademais, a avaliación concíbese como parte do proceso, con instrumentos de autoavaliación e coavaliación que permiten revisar e mellorar as producións propias e do grupo. A metodoloxía segue os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), favorecendo a participación e a equidade.

## 6. Tipos de actividades

Nesta situación de aprendizaxe propóñense actividades variadas que combinan a análise crítica, a reflexión lingüística, a creatividade e a produción de mensaxes con intención comunicativa. A tipoloxía das tarefas responde a diferentes momentos do proceso didáctico: activación de coñecementos previos, adquisición de contidos, aplicación práctica, creación de produtos e avaliación.

Inclúense actividades de motivación e activación inicial (como o visionado de vídeos publicitarios e a chuvia de ideas), de comprensión e análise de textos multimodais (carteis, campañas, eslóganés...), de clasificación e construción léxica (mapas de neoloxismos, escape room), e de creación de contidos (campañas publicitarias con intención sostible). Tamén se empregan técnicas orais e escritas como exposicións, debates, redaccións e glosarios. A todo isto engádese o uso de recursos dixitais

(Exelearning, presentacións, infografías) e actividades de autoavaliación e avaliación por pares. O conxunto busca fomentar a participación activa do alumnado, o traballo cooperativo e a aprendizaxe significativa.

## **7. Estratexias de atención á diversidade e á convivencia**

Esta situación de aprendizaxe está deseñada seguindo os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), co obxectivo de garantir a participación e o éxito de todo o alumnado, independentemente das súas necesidades ou estilos de aprendizaxe. Proporciónanse múltiples formas de representación dos contidos (a través de textos, vídeos, imaxes, mapas visuais ou recursos interactivos), múltiples formas de expresión (oral, escrita, visual e dixital) e diversas opcións de implicación, permitindo ao alumnado escoller formatos e ritmos adaptados ás súas capacidades e intereses.

Entre as medidas específicas de atención á diversidade inclúense: a adaptación da carga e complexidade das tarefas, a oferta de materiais en lectura facilitada, o uso de apoio visual para o léxico novo, a utilización de rúbricas claras e compartidas, e a creación de agrupamentos flexibles que favorezan a colaboración e a axuda entre iguais. Ademais, promóvese a autoavaliación como ferramenta para que cada alumno e alumna tome conciencia do seu proceso de aprendizaxe e desenvolva a autonomía. Así, a proposta busca construír un contexto inclusivo, no que todas as voces teñan espazo e valor.

## **8. Instrumentos de avaliación**

A avaliación nesta situación de aprendizaxe é continua, formativa e orientada ao desenvolvemento competencial do alumnado. Realízase mediante unha variedade de instrumentos que permiten observar o proceso, valorar os produtos finais e promover a reflexión sobre a propia aprendizaxe.

Entre os principais instrumentos utilízanse:

- **Rúbricas de avaliación** para as exposicións orais, os carteis publicitarios e as campañas finais, coas que se valoran aspectos como a adecuación á intención comunicativa, o uso correcto da lingua, a creatividade e o impacto da mensaxe.
- **Escalas de observación** para recoller información sobre a participación en debates, o traballo cooperativo e o uso da linguaxe non verbal.
- **Cadernos de clase ou portafolios** onde o alumnado recompila os seus traballos, anotacións e reflexións.
- **Autoavaliación e coavaliación**, tanto mediante cuestionarios guiados como mediante reflexións abertas, co fin de fomentar a autonomía, a conciencia crítica e a mellora continua.

A diversidade de instrumentos permite obter unha visión ampla e xusta das aprendizaxes, tendo en conta tanto os procesos como os resultados, e facilitando a adaptación á realidade de cada grupo.